

**ANEXO I.- DECLARACIÓN RESPONSABLE
(EXPEDIENTE 2024/V014/000001)**

D/D^a....., con domicilio a efectos de notificación en..... con NIF núm., en representación da entidade con CIF, a efectos da participación da licitación da adxudicación de dúas licenzas de taxi por parte do Concello de Vedra

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO.- Que se dispón a participar na licitación mediante concurso público para a adxudicación dunha licenza de taxi (RISCAR A QUE PROCEDA) por parte do Concello de Vedra, cuxo prego que serve de base á licitación coñece e acepta integramente

Licenza núm. 3 (Vehículo adaptado):

Licenza núm. 4

SEGUNDO.- Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares para ser adxudicatario, en concreto (riscar o que proceda):

- Ter nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea ou doutro país estranxeiro no que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa esixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro (LCSP)
- Que de resultar proposta para a adxudicación acreditará ser titular dun vehículo turismo ao que vai adscribir a licenza de taxi en calquera réxime de utilización xuridicamente válido, que cumpre os requisitos previstos no art. 25 da lei 4/2013, do 30 de maio, e nos artigos 28 e 29 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro
- Que se atopa capacitado para o exercicio da actividade, estando en posesión do permiso de conducir de clase B ou superior (Art. 4.2 do Real Decreto 818/2009, do 8 de maio)
- Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social establecidas pola lexislación vixente
- Que non superas o límite máximo de concentración de licenzas de taxi nunha mesma persoa titular (Art. 9 da lei 4/2013, do 30 de maio)



TERCEIRO.- Que a dirección de correo electrónico na que efectuar notificacións é a seguinte:

As circunstancias relativas ao cumprimento de requisitos e ausencia de prohibicións de contratar aos que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de solicitudes e subsistir no momento da adxudicación da licenza

CUARTO.- Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario da licenza no prazo que sexa requirido para iso

(Lugar, data e sinatura do declarante)